



Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 24 de xullo de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 24/07/2018
- II. Asistentes á CGIC do 24/07/2018
- III. Guías docentes
 - Tecnoloxía Medioambiental
 - Termodinámica e transmisión de calor
- IV. Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas

Ábrese a sesión ás 12 horas e 35 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 9 de xullo de 2018.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

2. Informe da Coordinadora.

- Consultouse á Área de Calidade como contactaron coas persoas egresadas da Escola para realizar a enquisa de satisfacción das persoas tituladas coas titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. A resposta recibida foi a seguinte:

“Contactamos cos egresados mediante os correos electrónicos que están en Xescampus, que o rexistran no momento de facer o selectivo.

Na realización da enquisa enviamos un correo electrónico invitándoos a facer a enquisa e varios correos recordatorios para aqueles que non a encheron. Os correos que nos chegan de volta (a conta xa non está operativa, caixa chea... etc) eliminámosllos da poboación. Neste curso eliminamos a 11 persoas”

3. Aprobación, se procede, de guías docentes dos graos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Enviáronse por correo electrónico previamente á celebración da reunión desta comisión (Anexo III). Na Xunta de Escola celebrada o 9 de xullo, non se aprobaron as guías docentes de “Tecnoloxía Medioambiental” e de “Termodinámica e transmisión de calor”. A dirección decidiu analízalas e presentalas para a súa aprobación nunha Xunta de Escola posterior.

Tras analizar estas guías a dirección propón que sexan aprobadas sen cambios e adiar a revisión e posible modificación das guías docentes cando se leve a cabo a revisión das memorias das titulacións da Escola.

A Comisión aproba por asentimento as guías docentes das titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas.

Tráese neste punto para a súa aprobación, se procede, o Informe de Coordinación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas do 2017/18 (Anexo IV). O informe de coordinación é un



resumo das reunións realizadas polos equipos de coordinación dos títulos, dos cursos, das materias e titora de PAT. Recóllense os principais temas tratados nas reunións, así como as correspondentes reflexións e valoracións que, nalgúns casos, deron lugar a propostas de mellora.

A redacción final do texto foi revisada para garantir o uso de linguaxe non sexista. O traballo foi realizado por dona Teresa Rivas, enlace de igualdade do centro, a quen se agradece o traballo realizado.

A Comisión aproba por asentimento o Informe de Coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas.

5. Rogos e Preguntas.

Non se producen intervencións

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e catro de xullo de dous mil dezaoito.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

Elena Alonso Prieto

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 24/07/2018

Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 24 de xullo de 2018 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 12:00 horas en primeira convocatoria e ás 12:30 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 9 de xullo de 2018.
2. Informe da Coordinadora.
3. Aprobación, se procede, de guías docentes dos graos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
4. Aprobación, se procede, do rexistro R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas.
5. Rogos e Preguntas.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 24/07/2018.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 24 de xullo de 2018	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Elena Alonso Prieto	Presidenta
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Teresa Rivas Brea	Igualdade
Escusan a súa asistencia	
Diego López González	Representante da Sociedade
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados



ANEXO III

Guías docentes

- Tecnoloxía Medioambiental
- Termodinámica e transmisión de calor



ANEXO IV

Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas